

**IES AUGA DA LAXE**MATERIA: **Ciencias Sociais, xeografía e historia.**NIVEL: **2º ESO (A, B)**PROFESORA: **Marga Sanz/Montserrat Rodríguez Paz**CURSO ACADÉMICO: **2024/2025**HORARIO: **3 horas semanais**

---

**MATERIAL:**

*VARIOS: Xeografía e Historia. Obradoiro Santillana Construíndo Mundos 2ºESO. Galicia. ISBN: 9788491857198*

**LIBROS COMPLEMENTARIOS:**

- Novela Histórica-xeográfica (usaremos os fondos da nosa biblioteca). Entregarase folla de traballo, fontes e datos bibliográficos de cada unha das propostas
- Dicionario enciclopédico (castelán e galego) – En rede.
- Atlas xeográfico-histórico universal (Anexo do voso libro de texto. Temos na aula)

**OUTRO MATERIAL:**

- \* Aula Virtual de 2º ESO – Xeografía e Historia (Verificar que esteades dados de alta)
- \* Arquivador de aneis/carpeta plástica/funda plástica
- \* Folios e follas cuadriculadas. Reutilizar o material do que xa dispoñemos doutros cursos.
- \* Bolígrafo azul ou negro. Pinturas, cola, regra, lapis, goma, ...Papel milimetrado, papel vexetal de ser preciso (avisarase)

**CONTIDOS:****BLOQUE 1.- HISTORIA MEDIEVAL E MODERNA****1.0.- Introducción á Historia****1.1.- IDADE MEDIA. Os novos centros de poder**

- Al Andalus e os reinos cristiáns hispánicos. O reto da convivencia.
- A Europa feudal. Dereitos e desigualdades.
- O rexurdimento das cidades
- A Península Ibérica durante a Idade Media.

**1.2.- IDADE MODERNA:**

- O inicio da Idade Moderna. O afán por explorar.
- Unha nova mentalidade. A construción da Idade Moderna
- Renacemento e reforma.
- A Monarquía Hispánica un Imperio mundial. Os Reis Católicos. Os Austrias.
- Os grandes descubrimentos xeográficos.
- O Barroco. Novas potencias hexemónicas.
- O Antigo Réxime.

**BLOQUE 2.- XEOGRAFÍA**

- Estudo da poboación. Os desafíos demográficos do século XXI.
- Estudo xeográfico sobre as desigualdades. Estudo dos continentes políticos
- A presión dun mundo cada vez máis urbano.
- Xeopolítica, conflitos e cooperación para a paz.

**OBXECTIVOS DA MATERIA:**

- 1.- Coñecemento do marco xeográfico onde se desenvolve a nosa vida e a nosa historia.

- 2.- Escribir e expresarse axeitadamente.
- 3.- Coñecer os mecanismos de investigación, consultando directamente as fontes.
- 4.- Situar, adecuadamente, os distintos feitos históricos e os distintos accidentes xeográficos..
- 5.- Achegarse ó coñecemento da nosa contorna inmediata: Galicia.

### **AVALIACION DA MATERIA:**

1.- Ao remate de cada tema faremos un exame práctico (escrito ou oral/en papel ou dixital). A nota media de todas as probas realizadas en cada trimestres suporá o 70% do total da nota. De faltar a algunha proba deberase xustificar a ausencia do alumno debidamente. A este porcentaxe sumarase a libreta e todos os traballos de investigación e exposición que se desenvolvan no curso. (Avisado previamente pola profesora da materia)

2.- Todos os traballos propostos serán recollidos e avaliados no seu momento. En cada ocasión indicaremos a data máxima para a súa entrega. Fóra de data considerarase o traballo suspenso. Estas tarefas suporán o 30% da nota.

3.- Tan importantes son os coñecementos coma as actitudes, que terán sido en conta. A participación na clase, a actitude ante a materia e cos compañeir@s.

4.- Aqueles alumnos/as que non superen o trimestre, poderán presentarse a un exame de recuperación de toda a materia da avaliación, a realizar no seguinte trimestre:

1ª – Semana do 13 de xaneiro 2025

2ª – Semana do 28 de abril de 2025.

5.- Durante a primeira quincena de xuño, realizaremos tarefas encamiñadas á recuperación da materia ou a subir nota. Para o alumnado que teña suspensa algunha avaliación (logo da súa recuperación) terá a posibilidade de presentarse a unha segunda recuperación por avaliación. O devandito exame final terá lugar a semana do 09 de xuño de 2025.

### **NORMAS DE CONVIVENCIA:**

- 1.- Traer sempre os libros e o material que faga falla.
- 2.- Presentar os traballos limpos, ordenados e ao seu debido tempo.
- 3.- Xustificar as faltas de asistencia, especialmente cando hai algunha proba ou traballo.  
**Puntualidade!**
- 4.- Na aula non se comen nin chicles, nin caramelos, nin outros obxectos.
- 5.- Falaremos axeitadamente. Todos temos un nome e apelidos, sen precisar o uso de alcumes...
- 6.- Está terminantemente prohibido calquer uso de teléfonos móbiles dentro da aula, salvo indicación da profesora para a realización de tarefas. Os móbiles deben estar apagados e gardados nas mochilas.

***Gondomar, 11 setembro 2024***